Nº 23 setembro 2009

Verbo Xido

Asociación Ecoloxista e Cultural da Terra de Montes

CAMIÑO DO POUSO, 2 * 36.560 SOUTELO DE MONTES

BOLETÍN INFORMATIVO DE ECOLOXÍA E CULTURA DA TERRA DE MONTES

e-mail : verboxido@yahoo.es / Web : www.cetmo.info

Iniciadas as obras de reforma do CETMo

O 5 de agosto de 2009, a Asociación **VERBO XIDO** puxo a "segunda pedra" dunha das súas máis acariñadas iniciativas, a mellora integral do edificio do Centro Etnográfico de Terra de Montes. O vello inmóbel, localizado no camiño do Pouso nº 2, na aldea de Soutelo (Forcarei), gorece a máis completa colección etnográfica da bisbarra. Aínda así, só o esforzo altruísta de **VERBO XIDO** e os seus socios e amigos propiciou a realización destas obras imprescindibeis para tramitar ante a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia a catalogación de *colección visitable*.

A execución do proxecto débese á subvención concedida por AGADER para a rehabilitación da cuberta, fachada e habilitación das instalacións precisas para o acceso de minusválidos a ámbalas dúas prantas do edificio. Nembargantes, a subvención acadada non é suficinte, polo que desde **VERBO XIDO** solicítase a colaboración de todas aquelas persoas para darlle unha nova vida ao CETMo.

Aqueles que así o decidan, poden colaborar na nova andaina do CETMo facendo unha aportación na conta aberta para esta finalidade en Caixanova co número 2080 0444 92 0040106374.

É a nosa intención aglutinar a particulares e entidades na constitución da "Fundación Terra de Montes", coa creación dun padroado que xestione tanto o futuro do CETMo como as súas actividades.

Lembranza de José Mª Taberneiro, "O Rolo de Vilapouca"

Semella incríble pero define ben os tempos atordoados nos que estamos: en Soutelo aínda non se pode falar en alto, en sitios públicos, das persoas que foron represaliadas pola Ditadura. Polo que nos contan, os seus achegados aínda teñen medo a ser obxecto de recriminacións por parte doutros veciños. E, sen embargo, en Soutelo todo o mundo sabe que "O Rolo de Vilapouca", "O Pernas", "O Velliscos" e tantos outros e outras (eiquí, unha lembranza especial ás mulleres que foron rapadas e obxecto de malos tratos) eran boas persoas, que só facían ben á comunidade. Entón, ¿por qué estas actitudes escurantistas? Uns, polo medo que aínda existe, outros polo seu vencello familiar aos antigos represores ou polos "intereses creados" no réxime franquista. Non obstante, todo o mundo debería concordar en que este silencio é unha noxenta inxustiza que, ademais, é perigosa para unha sociedade que se dí aberta e democrática, pero que, polo contrario, rexeita e pretende esquecer aqueles veciños que deron a súa vida polas liberdades públicas. Noutros países, estas vítimas do franquismo serían honradas publicamente, os seus familiares compensados e os defensores da barbarie deslexitimados e avergoñados.

En aberta rebelión contra este segundo pasamento que algúns teñen decretado para os que "morreron pola liberdade", aí van unhas poucas letras para lembrar quen foi José María Taberneiro, máis coñecido polo "Rolo da Vilapouca".

Taberneiro, nado na parroquia da Madanela a fins do século XIX, formou parte daquela xeración liderada polo canteiro Alfredo Iglesias Álvarez que consolidou, alá polos tempos da Iª Guerra Mundial, o agrarismo temperán xurdido en Forcarei coa nova centuria, da man doutro canteiro: Francisco Valiñas Caramés. Por aquel entón, segundo D. Antonio Rodríguez Fraiz, Taberneiro acompañou a Iglesias, a José Valiñas, a José Campos e a outros moitos na teima por espallar o exemplo da primixenia "Sociedad Agraria y Ganadera" de Forcarei (1901) por Presqueiras, Pardesoa, Soutelo, Millerada, etc., de maneira que, a comezos dos anos 20, no Concello se puido organizar unha vizosa "*Federación de Agricultores y Oficios Varios*", composta por dez sociedades e influenciada polas ideas socialistas.

Este desenvolvemento organizativo foi acompañado, a partir de abril do ano 1922, pola presenza na Corporación municipal dunha minoría socialista composta por Iglesias, Valiñas, Campos e Taberneiro, ao que algunhas fontes atribúen daquela simpatías comunistas. Logo, as tirapuxas co alcalde Saturnino Monteagudo polo control das contas municipais, e a chegada da Ditadura de Primo de Rivera, obrigaron a Iglesias e aos seus compañeiros a emigrar.

Como tantas outras xentes de Forcarei, Taberneiro arribou nun principio a Cuba pasando logo a USA para traballar como mineiro na zona dos Grandes Lagos, onde se ratificou no seu ideario de esquerdas.

Coa IIª República, Alfredo Iglesias e José Mª Taberneiro regresan outra volta a Forcarei, abrindo este último cos seus aforros unha tenda en Vilapouca. Pai de varios fillos (coñecémoslle cando menos tres), Taberneiro reintegrouse daquela á vida política do Concello, militando no PSOE e retornando á Corporación municipal como segundo tenente de alcalde, logo da vitoria da Fronte Popular no mes de febreiro de 1936.

Co golpe militar, Taberneiro fuxe de contado á aldea de Grovas, no Candán, tras ser perseguido e tiroteado preto do seu domicilio por varios falanxistas souteláns. Non obstante, o 11 de agosto decídese presentar en Vilapouca, diante das garantías que un significado simpatizante dos facciosos lle da á súa muller conforme non lle vai pasar nada.

Esa mesma noite, os falanxistas invaden o seu domicilio e báixano nunha camioneta a Pontevedra, acompañado doutro conveciño, Jesús González "Pernas", e de catro persoas internadas no Cuartel da Garda Civil de Cerdedo. Ao día seguinte, aparecen mortos na estrada Pontevedra-Santiago, no lugar de Alba, Taberneiro, "Pernas" e dous daqueles veciños cerdedenses, José Torres e José Cortizo.

Anos andados, tras a execución en Soutelo do mestre falanxista José Couceiro a mans dunha partida guerrilleira, abriuse unha Causa contra varios dos seus presuntos colaboradores. Daquela, nese Sumario 377/51 instruído no ano 1951 polo Tribunal Militar IV, figuran uns papeis incautados á guerrilla, conforme "*se le achacaba mucha culpa*" do que lle acontecera a Taberneiro a un coñecido ex-párroco da Madanela afeito a manexar o vergallo e a un feixe de sinalados falanxistas souteláns.

Aínda hoxe, os achegados ao "Rolo" non saben onde está soterrado, nin teñen constancia rexistral da súa morte; Taberneiro é un dos moitos que (os) "desapareceron" daquela e por iso a súa familia non puido dispór dos seus bens, debendo malvender a tenda da que vivían. Tras a chamada "Transición democrática", ninguén lles pediu perdón, ninguén tentou reparar (se cabe) o dano, ninguén lles fixo xustiza.

E falando diso, ¿para cando o recoñecemento do Concello de Forcarei co que fora concelleiro e segundo tenente de alcalde da Corporación, José Mª Taberneiro Fraiz, vilmente asasinado?

Dionísio Pereira

DESCULPAS

Recentemente cumpríronse 70 anos do fusilamento da última corporación estradense republicana. O alcalde e os seus concelleiros só nos pediron aos estradenses, nunha derradeira carta, dúas cousas: que os lembrásemos dándolle o nome de Mártires da Estrada a unha rúa e que incorporásemos esa carta ao libro de actas do Concello cando fose recuperada a normalidade democrática. A dia de hoxe non lles temos cumprida ningunha das peticións.

"Desde aqui quero pedir-vos desculpas
a todos vós
amigos mortos passeados assassinados

por nom cumprirmos hoje o vosso legado
por arrombar-vos como trastes
no faio do esquecido
tam abandonados

por nom aprendermos os vossos olhos
as vossas faces as enrugas todas
da vossa pele

por nom desenhar cem socos que vos adignem
os pés espidos / esses que vos descalçárom
por nom cozer-vos um pam que amamentasse
os fracos filhos e famintos

por nom encher com os vossos nomes
todos os silêncios obrigados
por deixar crescer o ermo em hortas e veigas
sem lograr umha maceira no esterco
que vós abrolhastes

nom temos escusa

maos que tanto construirom
a vós pido que nos absolvades
por nom recomeçar a pontelha
que a enchente vos arruinou

por deixar que o verme a couça
faga serraduras
das traves compridas que vós cinzelastes
e que nós deviamos ter telhado
com cravos rosas flores de arrecendo

desculpai

por fazer do vosso futuro
tam aginha derrubado
um novo vertedoiro incontrolado
por nom fazermos nada dos cascalhos

assim estamos agora
dormindo ao relento

sem o abrigo da memória."

Susana Sánchez Aríns

A capela do Pego

Situada no concello de Cerdedo, á marxe dereita da estrada EP- 7106 na parroquia de San Pedro de Parada, a Capela de Pego, amosa neste intre as súas entrañas.

Restos da estrutura de madeira do teito e de tella esparexidos polo chan, é a impresión que se atopa nada máis entrar, e a impotencia de non ser quen de manter en pé o que nos deixaron con tanto esforzo todos aqueles que nos antecederon.

Non se pode estar nela sen cavilar na cantidade de circunstancias que fan da Capela do Pego unha capela diferente. Segundo o historiador etnógrafo e cronista de Terra de Montes, D. Antonio Rodríguez Fraíz, no seu libro "Pontes do Lérez" do que transcribo "*e a ermida da Nosa Sra. do Pego, obra da comunidade para celebrar nela as xuntanzas cada Mércores de Cinza de cada ano para elexir o Valedor do Pobo diante os Xuíces Meriños da Terra de Montes que a rexían e outros menesteres que a vida do común demandaba, entre estes era ter esta Ponte e tódalas demais en pé*." É posible que este uso xustifique o tamaño e as características desta excepcional construción. Nada se sabe do momento en que esta pasa a ser hermida pero no censo do Marqués de Ensenada xa consta un ermitaño no Pego; ou se se levantou en honor á Virxe pero ademais tiña esta outra función.

A capela está situada nun recanto que forma o río Lérez, que pasa por esa zona encaixado nun profundo canón. Segundo algúns autores, esta foi construída sobre un antigo castro. Tamén a súa orientación norte-sur, non responde aos cánones normais de "mirando a oriente". É dunha soa nave de ábside cuadrangular máis alto que esta, lixeiramente destacado en planta con pilastras angulares. As paredes da nave son de cachotería de gnéis, de dobre parede con recheo de pedras e barro; os esquinais son de perpiaño.

A cuberta, formada por unha sinxela estrutura de castiñeiro, non chama especialmente a atención ata que nos atopamos coa fermosa bóveda de canón, de cuarteróns, perfectamente executada e que en todo momento nos lembran outra de idénticas características, a bóveda da entrada ao mosteiro de San Clodio.

Entón as preguntas apreman: primeiro, o granito co que esta feita non é o da zona, de gran moito mais gordo imposible de aristar para facer o traballo de cantería da bóveda.

Se é a capela unha obra da comunidade, parece un luxo excesivo tal bóveda, a menos que a de

San Clodio a fixeran canteiros de San Pedro de Parada, e quixeran deixar unha testemuña do seu bo facer. En todo caso é outro interrogante para o estudo.
Na fachada principal ten dúas fiestras con embocadura polas dúas caras, igual que as dúas portas laterais. Outra curiosidade é que as fiestras teñen o que se chamaba faladoiro, é dicir unhas pedras que encaixadas na embocadura interior permitían que se puidera falar ao tempo de mirar para fóra; non sabemos se foi unha excentricidade ou é que respondía a unha necesidade das tarefas que se desenrolaran no seu interior.

Fai algún tempo que na Capela non hai culto, pero hai máis de corenta anos aínda se festexaban a Candelaria e a Ascensión, dúas romarías con sona pola zona. Non obstante algunhas persoas maiores aínda recordan cando estas romarías eran tan grandes como a de Amil, con xente que se achegaba de moitos lugares, fundamentalmente do Ribeiro pola súa proximidade a Ponte Parada, que formaba parte do camiño chamado “vreeiro”.

Tamén ten abondosas e curiosas lendas e cantigas, que deixaremos para outro momento, por que volvendo á realidade actual o estado da capela é ruinoso, agravándose a medida que o tempo (fundamentalmente as choivas) van facendo mella, ao mesmo tempo que os vándalos fan das súas aproveitando precisamente o seu estado, e dalgunha maneira a desidia.

É tan alarmante a degradación desta emblemática construción que as Comunidades de Montes en Mán Común que forman a parroquia decidiron poñerse en marcha para salvala dun derrube seguro se pasa outro inverno por ela. De modo que encargaron o proxecto técnico para a reposición da cuberta co fin de acadar a Licenza Municipal de Obra, que á súa vez require do informe favorable de Patrimonio.

A partires de aí será imprescindible a axuda que se poida atopar para que todos poidamos disfrutar dun ben patrimonial importante para a Parroquia de Parada, pero aínda máis para o Concello de Cerdedo, Terra de Montes, e porque non para Galicia.

María Ilde Portos Taboada. (Arquitecta)